

**MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020**

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega), é unha axencia pública autonómica que ten entre os seus obxectivos fundamentais o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, estudo e apoio de actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación de tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro enerxético, o fomento do uso racional da enerxía así como intentar acadar que na sociedade galega exista un coñecemento do contexto enerxético actual e divulgar a importancia fundamental da utilización eficiente da enerxía.

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, a axencia Instituto Enerxético de Galicia poderá cooperar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado a través de convenios (art. 9.1 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 142/2016, do 22 de setembro).

É de interese conxunto das entidades asinantes, potenciar o aforro, a eficiencia enerxética e o uso das enerxías renovables co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura enerxética, potenciando o autoconsumo no sector público autonómico.

Preténdese a sinatura dun convenio que teña por obxecto impulsar o emprego das enerxías renovables en oficinas agrarias comarcais, así como da rede de puntos de encontro para as brigadas forestais, en concreto na instalación de sistemas de xeración térmica a partir de biomasa e aerotermia, co fin de dar servizo enerxético a varios centros:

<b>CENTROS INSTALACION BIOMASA</b>	LU-Becerreá, CO-Coristanco, CO-Mazaricos-
<b>CENTROS INSTALACIÓN AEROTERMIA</b>	LU-O Ceao/Gándaras, LU-Sarria/Corbelle-Sta.Vilar, OU-Lobios, OU-Muiños, CO-Ribeira, PO-Lalin, PO-Salcedo/PH Campiño, PO-Ponteareas, PO-Salvaterra.



CENTROS INSTALACION BIOMASA	CENTROS INSTALACION AEROTERMIA
LU – Becerreá	LU - O Ceao/Gandaras
CO – Coristanco	LU-Sarria/Corbelle-Sta Vilar
CO – Mazaricos	OU-Lobios
	OU-Muiños
	CO-Ribeira
	PO-Lalin
	PO-Salcedo/BH Campiño
	PO-Pontearas
	PO-Salvaterra

Coa presente actuación realizaranse actividades de interese público, social e económico.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 50.1. da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público e no artigo 15.3 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura deste convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Xerente

Vanessa Cal Ríos

